

Criterios de transcripción paleográfica

O obxectivo fundamental de respectar de maneira fiel as características gráficas dos testemuños da lírica profana galego-portuguesa virá tan só condicionado polas limitacións técnicas derivadas do estándar de codificación tipográfica empregado (UNICODE) nas transcricións que integran a base de datos PalMed.

1. Os signos alfabéticos

A transcripción conserva o conxunto de caracteres alfabéticos medievais tanto na serie maiúscula (*vide infra* 3) como minúscula (<A> <a>, , <C> <c>, <ç>, <F> <f>, <G> <g> ...), así como os alógrafos das letras minúsculas presentes nos manuscritos. Mantéñense, polo tanto, os alógrafos do *i* (<i> curto, <j> longo, <y> e <ÿ>); do *s* (<s> de dobre curva e <ſ> alto); do *d* (<d> recto e <ð> uncial); do *r* (<r> de martelo, <ʀ> redondo e <ʁ> longo), etc.

Unicamente se representan os puntos con función significativa, como, por exemplo, daqueles que delimitan o final de verso no *Cancioneiro da Ajuda*, os que acompañan ás siglas ou aqueles que aparecen reproducidos ante algunhas palabras e poderían ter función sintáctica.

Os elementos decorativos que acompañan algúns grafemas, como é o caso das letras rematadas con prolongación do último trazo, non se reproducirán no texto.

Aquelas pasaxes de difícil lectura ou interpretación aparecen grafadas en cor vermella e son descritas como "lectura conxectural" nun cadro emerxente ao pasar o rato por riba delas.

2. Sinais abreviativos

Os diferentes sistemas braquigráficos represéntanse mediante os signos abreviativos convencionais (ā, c', ĝ, ȑ, etc.) e os caracteres alfabéticos propios (ǧ, ȝ, ṗ, etc.) en función da forma que

ofrezan nos manuscritos. Naqueles casos en que se detecta o desprazamento dun sinal abreviativo con respecto á localización que o equipo considera acertada, optouse por realizar unha dobre marcaxe: por un lado, ofrécese ao usuario a representación gráfica real do emprazamento do sinal no manuscrito e, por outra, a forma normalizada, en que a abreviatura se coloca sobre o elemento correspondente da palabra. Esta dobre marcaxe ten por obxectivo poder recuperar ambas as dúas formas na base de datos, dependendo da pantalla de busca seleccionada. Na pantalla "Manuscritos", ditos segmentos serán resaltados en cor caqui.

Polo que atinxe á variada representación morfolóxica que os signos de abreviación presentan, optouse polas seguintes convencións:

2.1. O signo xeral de abreviación represéntase como ¯ (U+0304).

2.2. O sinal supralinear curto con ataque e saída represéntase como ˘ (U+035B).

2.3. O sinal supralinear curvo (vertical) represéntase como ˙ (U+02BC).

2.4. O sinal supralinear curvo, que abrevia as letras or/ur, represéntase como ˝ (U+1DD1).

2.5. A liña infralinear no <p> represéntase como p̣ (U+A751).

2.6. A liña supralinear no represéntase como b̆ (U+0180); no <d>, como d̆ (U+0111); no <ð>, como ð̆ (U+00F0); no h, como h̆ (U+0127); no <l>, como l̆ (U+A749).

2.7. O sinal infralinear lazado no <p> represéntase como p̣̣ (U+A753).

2.8. O sinal mediolinar oblicuo no <q> represéntase como q̣ (U+A759).

2.9. O sinal mediolinar oblicuo no <f> represéntase como f̣ (U+1E9C).

2.10. Letras sobrepostas

2.10.1. <ˆ> (<a> aberto) (U+1DD3).

2.10.2. <̂> (<a> pechado) (U+F1C1).

2.10.3. <̃> (U+0363).

2.10.4. <̣> (U+0364).

2.10.5. <̇> (<i> sen punto) (U+F02F).

2.10.6. <ⁱ> (U+0365).

2.10.7. <^o> (U+0366).

2.9.8. <^r> (U+036C).

2.10.9. <²> (erre redondo) (U+1DE3).

2.10.10. <^s> (U+1DE4).

2.11. *Notas tironianas*

2.10.1. O sinal con valor de *e*, *et* é representado por ȝ (U+204A) ou por &ç, segundo os usos escriturarios de cada copista

2.10.2. O sinal con valor de *con* é representado por ɔ (U+2184) ou por 9 (U+A76F), segundo os usos escriturarios de cada copista.

2.10.3. O sinal usado para os sons *-us*, *-os* é representado por ʁ (U+F1A6).

3. Letras distintivas

As letras iniciais de cantiga, cobra, finda, refrán ou mesmo verso adoitan ofrecer un trazado gráfico distintivo, que ten por finalidade destacar a articulación de cada un destes elementos. A figura, cor e tamaño destas iniciais resultan nunha organización xerárquica complexa en *A*, *N* e *D*, así como nalgúns partes de *B*, en función dos hábitos do copista. Unha edición paleográfica non ten por obxectivo reproducir elementos decorativos, pero tampouco pode ignorar a función relevante que as iniciais desenvolven na xerarquía do texto e do folio. En *A* a letra que segue a unha inicial é, frecuentemente, un elemento que tamén se destaca con respecto ao resto do texto, sobre todo pola morfoloxía, mais tamén por presentar un módulo superior. Atendendo a estas particularidades, as convencións empregadas nas transcricións para as letras distintivas son as seguintes:

3.1. Todas as letras iniciais, independentemente do respectivo módulo, figura, cor e apéndices decorativos, son tratadas como **maiúsculas** simples;

3.2. As letras que seguen a inicial decorada ou o respectivo espazo en branco que a segue e que

se distinguen, na forma ou no módulo, do texto normal son marcadas en **versaleta**.

4. Letras de espera

No *Cancioneiro da Ajuda* e no *Pergamiño Sharrer* é habitual que se sinalen no lugar correspondente as letras de espera que o iluminador debería pintar con posterioridade á copia. En contadas ocasións, tamén o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* presenta este tipo de avisos técnicos por trasvasamento do seu modelo.

4.1. Naqueles casos en que hai un espazo en branco, pero a letra de espera non sobreviviu ou non se chegou a representar, márcase a ausencia da mesma co símbolo [◊].

4.2. Cando se conserva a letra de espera, esta será representada entre ◊ (U+2039, U+203A). Cando concorren a inicial coa súa letra de espera -ben situada no propio espazo da inicial, ben ao seu carón ou na marxe-, esta última colocárase á esquerda da primeira (<p>P).

5. Elementos non alfabéticos e outras particularidades manuscritas con función codicolóxica

*** Tanto aqueles elementos non alfabéticos cuxa representación non resulte transparente ou poida resultar ambigua como os fragmentos de texto que non leven asociada unha marca gráfica distintiva, pero que presenten algunha particularidade que mereza un tratamento diferente ao do texto normal (corrixido sobre raspadura, anulación por raspadura lexible, etc.), serán destacados en cor rosa e, cando o usuario pase o rato por riba do segmento destacado, despregarán un cadro emerxente coa descrición correspondente.

5.1. Os ángulos delimitadores de cantiga, de cobra, de finda, de refrán, de verso e de rúbrica ou aqueloutros para os que non se achou unha función determinada represéntanse como ⌈ (U+A712).

5.2. Os trazos non angulares que delimitan cantigas numeradas represéntanse como — (U+2015).

5.3. Os trazos non angulares que identifican cantigas sen numerar represéntanse como — (U+2015).

5.4. Os trazos non angulares, normalmente verticais, que delimitan findas, refráns e rúbricas reproducense como |.

5.5. Os ángulos altos que marcan unha rotura de liña represéntanse como Ꞥ (U+A712).

5.6. Os ángulos baixos que marcan unha rotura de liña represéntanse como Ꞥ (U+A713)

5.7. Os trazos (verticais, oblicuos ou horizontais) que figuran en final de liña cortando palabras ou sen valor aparente represéntanse como -.

5.8. Os trazos (verticais ou horizontais) que separan palabras represéntanse como /.

5.9. A barra mais punto que, no *Cancioneiro da Ajuda*, aparece de maneira esporádica a final de verso represéntase como /.

5.10. A raia empregada nos apógrafos italianos tanto para unir como para separar elementos estruturais presentes na mesma liña de escritura represéntanse como /.

5.11. Os copistas poden empregar para abreviar o refrán nos manuscritos un punto, unha raia ou outro tipo de trazo, que representamos, respectivamente, como ., como — (U+2e3b) ou como ∴ — (U+2056;U+2014), respectivamente.

5.12. A marca empregada para a abreviación dos reclamos rexístrase como ∴— (U+2056;U+2014).

5.13. A *crux desperationis*, tanto se se localiza dentro da caixa de escritura coma na marxe do folio, represéntase como † (U+271D).

5.14. O debuxo semellante a unha flor, que foi empregado en *B* para unir certas pasaxes textuais, represéntase como ∴ (U+2E2D).

5.15. A manícula empregada nos apógrafos italianos para remarcar certas pasaxes textuais represéntase como ➡ (U+261b).

5.16. Os trazos con forma de frecha localizados en *B* represéntanse como ← (U+2190).

5.17. O trazo con forma de punta de frecha orientada cara á esquerda, que se observa en *B*, represéntase como ‹ (U+2039).

5.18. Os trazos con forma de punta de frecha orientada cara á dereita, que se observa en *B*, represéntanse como › (U+203a).

5.19 Os trazos con forma de punta de frecha que, en *B* e en *V*, se empregaron para marcar insercións textuais represéntanse como ‹ (U+27E8).

5.20. As marcas con forma de aspa que indican corrección textual represéntanse como ✕ (U+2613).

5.21. As marcas de inserción textual localizadas na parte superior da liña de escritura represéntanse como " (U+02DD).

5.22. As marcas de inserción textual situadas na parte inferior da liña de escritura represéntanse como , (U+2E1D).

5.23. O cambio de liña nas notas marxinais márcase con || (U+2016).

5.24. O texto anulado ilexible márcase con tantos asteriscos (delimitados por ángulos) como caracteres se estime que comprende a anulación: <*>, <*>, etc. Para aqueles casos en que resulta imposible estimar o número de grafemas eliminados, utilízase <...>.

5.25. O texto anulado mediante riscado e que non é lexible represéntase como ▪ (U+25AA).

5.26. O texto que, a pesar de ser anulado por raspadura, aínda é lexible non presenta unha marca gráfica distintiva (*vide supra*, ***).

5.27. O texto que, a pesar de ser anulado por riscado, aínda é lexible represéntase atravesado por unha raia horizontal.

5.28. O texto anulado por subpunteado represéntase sobre unha liña de puntos horizontal.

5.29. O texto anulado por subpunteado e riscado represéntase sobre unha liña de puntos horizontal e atravesado por unha liña continua horizontal.

5.30. O texto corrixido sobre raspadura non presenta marca gráfica distintiva (*vide supra*, ***).

5.31. O texto ilexible por dano do soporte indícase como [...].

5.32. O texto subliñado respéctase como tal (texto).

5.33. Os brancos textuais de copista represéntanse mediante [...] (U2045...U+2046)

5.34. Os caracteres que perderon parte do seu trazado por danos materiais no soporte non presentan unha marca gráfica distintiva (*vide supra*, ***).

5.35. Os caracteres que non se chegaron a trazar completamente por erro de copia non presentan marca gráfica distintiva (*vide supra*, ***).

5.36. As interpolacións escribais dos copistas localizadas na entreliña superior non presentan marca gráfica distintiva (*vide supra*, ***).

5.37. As interpolacións escribais dos copistas localizadas na propia liña de escritura non presentan marca gráfica distintiva (*vide supra*, ***).

5.38. As intervencións que Colocci efectúa nalgúns casos na copia dos apógrafos italianos non presentan unha marca gráfica distintiva (*vide supra*, ***).

5.39. Aqueles textos que foron copiados na entreliña superior ou na inferior represéntanse por enriba ou por debaixo da liña de escritura.

6. Separación e unión de palabras

Considérase que hai separación entre dúas letras contiguas cando o espazo intercalar ten a dimensión mínima correspondente á largura dun 'i' (i.e., o carácter alfabético de menor largura).

Esta regra xeral admite tres excepcións:

a) non se marca o espazo en branco entre unha inicial colorada (ou non) e a letra seguinte, excepto cando esta sexa inicio de palabra. Dado que nos testemuños da época trobadoresca,

por norma xeral, a inicial foi completada polo iluminador nun momento posterior ao da escrita do texto, o feito de que non ocupe todo o espazo en branco que nun principio se lle reservou non pode ser considerado relevante para a análise de prácticas escriptográficas de separación / unión de palabras;

b) non se contempla o espazo entre unha letra de espera e a letra que a segue, excepto cando esta sexa inicio de palabra. Tanto que estea colocada dentro do espazo branco destinado á inicial, como lixeiramente desprazada cara á súa esquerda ou completamente afastada e situada nunha das marxes, a distancia entre a letra de espera e a letra seguinte non ten valor funcional na edición;

c) a aplicación sistemática do criterio enunciado con anterioridade non ten en conta características paleográficas que puntualmente o contrarían; considérase que, nestes casos, o criterio paleográfico é prioritario. En concreto, cómpre subliñar que:

c¹) en liñas que ofrecen texto comprimido lateralmente (máis apertado), o intervalo de separación pode ser inferior á largura de un ‘i’ mais, aínda así, ser suficiente para marcar, tan só nese contexto gráfico, unha separación.

c²) cando a extrema proximidade ou o contacto entre letras contiguas se deben ao prolongamento dos trazos de saída da letra situada á esquerda (trazos sistematicamente curtos ou ausentes en situacións de clara unión), considérase que hai separación.

c³) no caso do ‘s de dobre curva’, que xorde sempre en final de palabra na letra gótica, considérase que hai sempre separación co vocábulo seguinte.

7. Tratamento dos espazos brancos interlineares

As liñas de regramento en branco (falta de texto, espazo para a notación musical, separación entre estrofas ou cantigas...) son conservadas integramente.

8. Disposición do texto

Reprodúcense a disposición da mancha gráfica en columnas e a distribución das liñas de

escritura (na pantalla "Manuscritos").

9. Notas marxinais

As notas marxinais de revisión ou de corrección son sinaladas en notas diferenciadas; cando se percibe a marca de inserción textual, tanto na nota coma na liña de escritura, é representada como x̣.

Así mesmo, as anotacións marxinais de lectores posteriores dos manuscritos son rexistradas en notas diferenciadas.

10. Miniaturas e decoración en final de liña

Indícase a súa presenza e posición no folio. Ademais, facilítase ao usuario unha descrición sumaria destes elementos artísticos en nota.